



CONCELLO DE OLEIROS



Contratan o Paseo de Bastiagueiro

A recuperación do entorno de Bastiagueiro foi por fin contratada pola Administración Central, despois de 4 longos anos agardando, e de numerosas visitas de membros do Concello ós despachos de Madrid. Será construído un gran parque, con carrís-bici, bulevares e zonas de esparcemento, en terreos cedidos polo municipio. **Agora falta que tamén contraten dunha vez o Paseo de Mera.**

O «Diana María» foise por mar, o mesmo que veu

O Concello negouse a que os acantilados de Dexo se convertisen nun campo de desgace, pero non foi tan fácil: tivemos que soportar as presións dos que desexaban facer negocio co malfadado barco.

• *Páxinas centrais*



Kaydeda xa é veciño de Oleiros

O prestixioso intelectual José María Kaydeda, director do Museo dos Oleiros e impulsor da feira Alfaroleiros, foi nomeado Fillo Adoptivo do Concello nun acto no que participaron numerosos veciños e personas do mundo da arte.

• *Páxina 11*

Dous premios avalan a política medioambiental de Oleiros

• *Páxina 5*

A XUNTA QUERE CREAR DESIGUALDADE CUNHA ECOTAXA

• *Páxina 5*

¿ARRANXARÁ DEPUTACIÓN AS SÚAS RÚAS?

• *Páxina 6*

A OPINIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO

• *Páxina 3*


Vivir en Oleiros

Nº4 / Outubro 1998

Está a piques de rematar a ampliación do Parque José Martí, de Perillo, que se unirá co mar e coa zona na que están a construírse o Náutico, a Casa da Música e a nova Casa da Xuventude. Na fotografía pode verse o aspecto da nova fonte do parque, toda unha homenaxe á auga. Unha fonte situada na glorieta central, perto do mar. Os parques de Oleiros siguen medrando: anúnciase a contratación das obras da recuperación ambiental de Bastiagueiro, e o inicio das xestións para urbanizar «As Galeras» (ver pax. 7), que traerá consigo o gran parque litoral que acabará unindo Santa Cruz e Bastiagueiro e que será o primeiro paso para o sendeiro litoral que percorrerá a costa oleirán de norte a sur.



Un altar para a auga



CONSTRÚESE A NOVA PISCINA

A zona mellor comunicada do municipio é o lugar no que se constrúe a nova piscina municipal. O alto de Perillo, a tiro de pedra da avenida de Ché Guevara acolle o novo edificio no que todos poderemos nadar a calquera hora do día.



INAUGURADA EN MERA A ESCOLA LABARTA

Mera xa ten a súa espléndida Escola Infantil, situada na Casa da Braña, antiga edificación que pertencía á tellreira onde agora está o parque da Lagoa. Ledicia de todos e moitas xeneracións por diante para iniciarlo contacto coa educación regulada.

Como saber **donde está todo** en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 2



Servicios públicos

Table with 2 columns: Service name and phone number. Includes Concello de Oleiros, Policía Local, Guardia Civil, etc.

¿Cántos somos?



Table with 2 columns: Parroquias and Veciños. Lists population for each parish and a total of 25,435.

TAXI: Tlf. 981 65 1111

Autobuses de liña

AUTOSCAL PITA
Bus a Nós. De 6,30 a 21h, cada 15min...
Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30min.

A Terra

Table with 3 columns: Hora, Pleamares, Baixamares. Shows tide times for various dates in October.

Farmacias de guardia

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:
TURNO 1 Están de Guardia as semanas do 19 xuño, 24 xullo, 28 agosto, 2 outubro, 6 novembro, 11 decembro.

Registro Civil

NACERON
Javier Angel, fillo de Javier Angel Bahamonde Santiso de Ussorio e de Aida María García Botana. Andrea, filla de Manuel Cañas Vazquez e de Aurora Garabito Carracedo. Ivan, fillo de Oscar Manuel Díaz Torron e de Natalia Díaz Bello.

Casa Charry. Sala de Exposicións

Do 15 ó 31 de Outubro. Pinturas de T. Behrens, pintor inglés afincado en Galicia, que nos trae detalles da vida diaria e obras de carácter onírico.
Do 3 ó 14 de Novembro. Colectiva de Gravados do Taller Empreinte de Luxemburgo.

Museo dos Oleiros José María Kaydeda

A máis importante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tlf. 981 626692.

Sistema de Bibliotecas Públicas

Perillo. (Bibl. Central). Pazo de Rialelda (Av. Rosalía de Castro e Av. das Mariñas (N-VI)). Tlf. 981 63 9511 / Horarios: Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h.
Santa Cruz. (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro») C.Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tlf. 981 626338 / Horarios: Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h.

Servicios Domésticos
Veterinarios
Santa Cruz 626310
Mag. de construción
J.Barreiro 635474 / Oleiros
Reparación coches e bicis
J. Galán 610710 / Oleiros

Fontanerías
A.Taiño 614529 / Sta.Cruz
A.Guillín 631567 / Oleiros
Arca 617591 / Maianca
J.A.Barros 626689 / Dorneda
J.Costa 635735 / Sta.Cristina
A.Dominguez661108 / Nós
S.Fernández 638214 / Perillo
Fonelec 662744-908587710 / Nós
C.Suarez 638400 / Perillo
J.García 610339 / Oleiros
S.García 611039 / O Carballo
Instalacións eléctricas
E.F.Orro 908584277 / Mera
R.Pol 635325 / Perillo
J.L.Rodríguez 626270 / Dorneda

Albanelería
J.M.Alvarez 617788 / Serantes
A.Arevalo 617243 / Dexo
J.Bao 635617 / Perillo
A.Barreiro 617887 / Maianca
F.Beltran 628373 / Lorbé
J.M.Bias 635811 / Perillo
J.Cagiao 626038 / Sta.Cruz
J.Cal 662449 / Oleiros
M.C.Carballo 631578 / Nos

Gomaño 666387 / Oleiros
O.Bravo 908586979 / Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 / Arillo
F.Fernández 636078 / Perillo
E.Fernández 636572 / Perillo
J.Fernández 614919 / Dorneda
J.Fernández 617720 / Dorneda
L.Gacio 636587 / Perillo
A.García 618190 / Serantes
V.García 661448 / Nós
M.Illanes 614356 / Dorneda
D.Lamas 631356 / Oleiros

A.Lastres 908586296 / Dorneda
A.López 617411 / Mera
J.D.López 626082 / Santa Cruz
F.Mañana 615298 / Arillo
J.L.Martínez 636034 / Perillo
A.Mato 667682 / Nós
J.Mirón 618119 / Mera
V.Naya 617096 / Mera
M.Novo 610830 / O Carballo
A.Otero 631344 / Oleiros
J.Pampin 635920 / Perillo
J.L.Prego 626147 / Dorneda

J.A.Prieto 610181 / Oleiros
F.Recarey 617503 / Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 / O Carballo
J.R.Sánchez 664599 / Nós
F.Sánchez 610779 / Iñás
L.Siso 617461 / Mera
M.Siso 617467 / Mera
R.Suarez 615239 / Dorneda
A.Sueiro 614849 / Dorneda
A.Uzal 908581521 / Rialta
M.Vallo 610812 / Oleiros
F.Vazquez 614927 / Santa Cruz
M.Vidal 631015 / O Valiño
M.Vieito 610060 / Oleiros
ATS-Fisoterapeutas
M.Miranda 638633 / Perillo
J.L.Sánchez 638234 / Perillo
Notarios
R.Benzo 611506 / Oleiros

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanaló.

Oleiros diferente

Esther Pita Pita
Alcaldesa de Oleiros

Últimamente, algunhas persoas relacionadas coa política local intentan confundir ós veciños sobre a maioría municipal da Alternativa dos Veciños que, como saben, non é un partido político. Os membros da Alternativa son, ante todo, veciños de Oleiros comprometidos co futuro do noso concello. Comprometidos con este fermoso traballo de converter Oleiros nunha cidade xardín europea do século XXI.

Estamos conseguíndo-o e eso é o que lles doe a moitos. Mirando só polo interese de Oleiros, negociando e dialogando diariamente con tódolos veciños, con tódolos propietarios de terras, con tódolos protagonistas da vida social. Sen compadrecos nin obediencias interesadas, e coa única finalidade de ir convertindo pouco a pouco a Oleiros nese exemplo no que xa se miran tantos concellos galegos e doutras latitudes.

A maioría dos que levades vivindo aquí algún tempo, xa sabedes cómo se fan as cousas. Xa sabedes que as portas do Concello sempre están abertas. Sabedes que tódolos concelleiros do goberno local (incluídos os dous concelleiros do PSdeG) —e os técnicos ó servizo do municipio— están abertos a recibir tódalas suxerencias, a informar de tódalas dúbidas, a explicar tranquilamente as razóns das decisións que se toman... Tamén sabedes que ás veces nos equivocamos, como todo o mundo... pero hai outro grupo de cidadáns que non coñecen todo isto, porque viven aquí hai pouco tempo.

Por fortuna o noso concello está a medrar máis e mellor que ningún outro de Galicia: con máis parques, novos núcleos urbanizados, máis infraestructuras e servizos, e maior respecto ó medio ambiente. Elo quere dicir que cada ano medra o número de veciños que chegan maiormente da Coruña en busca dun lugar de residencia agradable e de calidade.

A quen vive en Oleiros desde hai pouco tempo queremos pedirlle que non se deixe levar por díxome-díxomes dos politiqueros e «apolíticos» que andan por ahí sementando mentiras. Que por favor se achegue ó Concello, ás Casas do Pobo ou Centros Cívicos, ou á Asociación de Veciños do seu núcleo, pobo ou parroquia. Ou que se organicen de calquera xeito... en definitiva, que **participen** na construción deste Oleiros do que todos nos sentimos tan orgullosos.



—Uns fabrican as medallas. Outros queren lucilas.



Sentir Oleiros

Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños

Dia tras día, Oleiros sigue marcando distancias respecto a outros municipios no que a calidade de vida respecta.

Hoxe, despois de anos de amargura e incompreensión, difamación, acoso e incluso intento de derribo das persoas que fixemos posible este Oleiros para vivir, desde a «Alternativa dos Veciños» invitámosvos a Sentir Oleiros. Porque ós nosos detractores non lles quedan argumentos. Os feitos, as realizacións, a dedicación ó progreso ordenado, o celo na protección do medio natural e as actividades sociais e culturais, deixan en evi-

dencia as súas políticas demagóxicas baseadas no engano, a mentira e a difamación.

As especiais circunstancias que nesta lexislatura viviu o noso grupo, fomentadas por escuros intereses pessoais e partidistas que se ampararon na «Lei» e na «Xustiza», elevan as aspiracións dos nosos detractores a intentar facerse co poder no noso municipio. Para alcanzar o fin, uns queren secar a margarida, e outros pretenden desfolllala. A margarida é moi sensible na parte da flor, pero bastante resistente no tallo. Esperemos que coa próxima pri-

mavera, a climatoloxía sexa o suficientemente benévola, e que en tódolos pobos do concello sintamos Oleiros, e axudemos a xerminar estas sementes que con tanto cariño plantamos ó longo dos anos. Si as forzas da natureza se imponen, os antiambientalistas terán difícil alcanzar os seus obxectivos. Axudádenos a conservar a pranta, e con elo estaredes cuidando o voso entorno. Estaredes sentindo Oleiros como nós o sentimos: libre, vivo e de calidade. E se tedes algunha dúbida, non deixedes de acudir a este humilde xardineiro.

En Perillo se pierde una Asociación

Osvaldo García Díaz / Concejel del PP de Oleiros

La Asociación de Veciños A Rúa de Perillo, a base de no saber para qué sirve, ni quienes son, acabó por perderse en el espacio social impulsada por evidentes "tics" paranoicos, se pone a atacar a un partido político (al Partido Popular) a nivel nacional, regional y local. Es alarmante comprobar como la inactividad crea desviaciones. Ignoramos cuales serán los fines de esta Asociación ya que no conocemos sus Estatutos, pero dudamos mucho de que lo suyo sea hacer política, para eso están los partidos políticos y ya son bastantes. Seguro que están mas asesorados. Presumen de tener imaginación, paciencia y tenacidad, cualidades todas ellas muy útiles para escribir una novela o un cuento chino. Mejor les iría si en vez de tanta imaginación tuvieran algo de información, y voy a procurar dársela:

1. El carril-bici de Bastiagueiro será financiado por la Xunta de Galicia y Diputación Provincial

en su mayor parte, siendo mínima la aportación municipal y supongo que sabrán que partido es el que dirige las dos primeras Administraciones. 2. La primera actuación a nivel municipal del Concejel que suscribe, fue la de reunirse con la también Concejala, Dña. María Vieites, con el Delegado Regional de Correos hace más de dos años, para procurar que se impulsara definitivamente la construcción de la nueva estafeta de Correos tan necesaria para Perillo y Oleiros y, lo primero que nos dijo ese señor fue que el entonces Alcalde, o lo recibía ni quería hablar con él sobre este tema a pesar de sus insistentes llamadas telefónicas. Sostenía el entonces Alcalde que el Ayuntamiento no tenía porqué ceder al servicio de Correos ninguna superficie de terreno ya que en otros Municipios la había adquirido y Oleiros no iba a ser menos. Bueno, pues infórmenle y verán al final en qué condiciones se realizará la obra, pero infórmenle en el mismo pan-

fleto que sostiene sus ejercicios de imaginación (página 5).

3. Respecto al nuevo Servicio Médico de Santa Cruz pues más de lo mismo, aclárense ustedes con el Equipo de Gobierno que en los Plenos Municipales nos pide que gestionemos nosotros ante las Instituciones gobernadas por nuestro Partido y cuando así lo hacemos, con éxito como en este caso, sale la voz de su amo por peteneras. Y comprobado su exceso de imaginación, guárdense la paciencia y la tenacidad que falta les harán para despues de las próximas Elecciones Municipales junto con una pizca de resignación. No olviden que las Asociaciones De Vecinos deben sobre todo promover la cultura, el deporte, las actividades sociales para elevar el nivel de vida de sus conciudadanos y dejarse de hacer política de silveira que de eso ya tenemos el cupo agotado por estos pagos.

Sentimientos nobles

Francisco Cerviño / Luis Vázquez / Concelleiros do PSdeG-PSOE

Fai poucos días, un destacado colaborador do PP, algo desencantado por certo, facíanos o seguinte comentario: «Os socialistas non debes pactar coa Alternativa, fariáanse menos cousas, pero...»

É unha boa verdade que se non tivéramos votado nin o Plan de Urbanismo nin outras moitas propostas necesarias e importantes para Oleiros, habería unha seria crisis política no Concello e o Goberno en minoría pasaría por certos apuros, pero os verdadeiros perxudicados serían os veciños que non disfrutarían das obras e servizos que precisan.

Por iso os socialistas guiámonos por sentimentos nobles. Para nós, sentir Oleiros, desde o punto de vista do sentimento de amor, significa poñer os intereses de Oleiros por diante dos intereses de partido; entender a política como un servizo e non como unha profesión. Pero tamén sentir Oleiros,

desde o punto de vista de escoitar, de oír a voz dos veciños, significa para os socialistas escoitar a tódolos veciños sen prexuícios, tratalos coa maior cortesía e eficacia, sin distincións por clases ou ideoloxía.

Faltan tan soio oito meses para as próximas eleccións municipais, e ahí están rematadas ou en marcha para moi pronto ser realidades, as obras desta lexislatura: piscinas climatizadas cubertas, conservatorio de música, comedores escolares, pistas polideportivas (Dexo, Rialta, O Carballo, Santa Cruz), ampliación de prazas e parques como A Rabadeira en Oleiros, José Martí en Perillo, Bastiagueiro, Ibarrola en Montrove, A Carballeira en Nós, Bibliotecas (Lorbé, Mera, Nós, Rialta), preescolar de Mera, Casa do Pobo de Montrove, etc.

Unha lexislatura na que imos seguir traballando e na que rematarán dúas importantes obras: Bastiagueiro e a Ponte do Pasaxe;

outras dúas están á espera e son tan importantes como as anteriores: o Paseo Marítimo de Mera e a Vía Rápida que debe percorrer Autovía-Autopista-Iñás-Oleiros-Dorneda-Mera-Lorbé.

Esta Vía Rápida vai solucionar para moitos anos o noso primeiro problema, o das comunicacións; vai sacar o tráfico intenso que hoxe penaliza a calidade de vida e a tranquilidade nos nosos pobos, ó tempo que nos comunica coa Coruña e o resto de Galicia e España. Tódolos oleirenses debemos unirnos para que este compromiso se cumpra, para que a vía rápida se faga realidade; todos xuntos, partidos políticos, asociacións de veciños, culturais e deportivas; nativos e achegados. Todos xuntos ímolo conseguir. Así sentimos nós que hai que traballar por Oleiros, e a eso chamamos sentir Oleiros.



O teu can segue sen pedirche «caca»

Xa o sabemos: Quérelo coma se fose un fillo, pero non consigues ensinálo a pedir «caca».

Tamén sabemos que é moi cómodo sacalo de paseo e non preocuparse por donde deixa o seu rastro.

Pero tí tamén sabes que os xardíns e aceras quedan feitos unha porquería con tanto can defecando. E moitos veciños chaman ó Concello porque se sinten molestos de que os espazos públicos estén tan porcos.

Cando fai caca, **recóllea** nunha bolsa de plástico e tíra-a nun contenedor.



Porque a todos nos gustan os cans. Pero tamén nos gustan os espazos públicos limpos.

A constitución do Consorcio Intermunicipal, paso previo imprescindible para optar ós fondos da Unión Europea para proxectos de medio ambiente

Axudas para a reciclaxe

O Pleno municipal, a proposta da Alternativa dos Veciños, deu luz verde á incorporación de Oleiros a un Consorcio con outros concellos da bisbarra coruñesa para xestionar un Plan de Tratamento do Lixo.

¿Para qué necesitamos formar parte dese Consorcio? Sobre todo para poder optar ás axudas que a Unión Europea destina a proxectos de medio ambiente que afecten a máis de 50.000 habitantes, tal e como se recolle nun programa denominado «Pomal». Segundo ese plan, poderíamos corresponder unha inversión de 7.500 pts. por habitante (uns 165 millóns).

Oleiros constituirá a nova entidade ante a parálise que está a sufrir actualmente a Mancomunidade, mais esta iniciativa non afecta á xestión integral dos residuos, senón ás fases previas á construción de instalacións de tratamento.

As fases iniciais que abordará o novo Consorcio son as de divulgación e mentalización cidadán a prol da reciclaxe, e a de instalación de puntos verdes de recollida, contedores especiais e adquisición de camiións e cubos de lixo. Por tanto, con esta iniciativa, o Concello non toma aínda unha postura definitiva sobre o que máis interesa ós veciños para o tratamento dos residuos sólidos urbanos: non se trata de construír ou non un novo vertedeiro ou de calquer outra cuestión semellante. Só de solicitar eses fondos que nos corresponden para comezar a xestionar a basura de xeito respetuoso co medio ambiente.

A finalidade deste proxecto é que todos nos vaíamos acostumbrando a separar a basura nos nosos domicilios e a reciclaxe sexa máis doada nos novos centros de tratamento.

Para o Concello de Oleiros resulta unha magoa que a



O Consorcio permitirá solicitar 165 millóns para puntos verdes, camiións especiais de reciclaxe, contenedores e información ó cidadán

Xa podes adiantarte á reciclaxe do futuro, tirando o vidro e o papel nos contenedores apropiados.

falta de diálogo institucional —especialmente co Concello da Coruña— non posibilita a construción dunha sola Planta de Reciclaxe nun lugar apropiado da comarca, evitando ó tempo a construción dun novo vertedeiro, unha acción prevista polo plan da Coruña, pero desaconsellado pola Unión Europea.

Oleiros sigue pensando que na comarca debería construírse un só centro de tratamento do lixo da Área Metropolitana da Coruña.

Recollida de Lixo

Horario para deposita-lo lixo nos contedores:

De 9 da tarde a 12 da noite

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos

Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas.

Todos queremos un Concello limpo

Recollida de **Chatarra**. Tlf. 63 1184

Para tirar papel:

Perillo: Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiagueiro. **Mera:** Colexio Luís Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Concello / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

Para tirar vidro:

Perillo: Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beiramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswaldó). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos.

Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

Animais domésticos

Se vostede ten cans, non os leve ceibos, xa que poden molestar a alguén. Procure que non defeqen nas rúas.

Lembra que non se pode tira-lo lixo a calquera hora
(nen sequera nun contenedor).

ABERTO DE 9 A 12 DA NOITE



(Excepto sábados e vésperas de festivos)

**QUEN NON ATENDA ESTE HORARIO ESTARÁ DEMOSTRANDO
O POUCO RESPETO QUE TEN POLOS DEMAIS**

O galardón reconece que «a política medioambiental de Oleiros non ten comparación con ningunha outra institución en Galicia»

Oleiros recibe o premio «Bandeira Europea do Ambiente»

Esta «Bandeira Europea do Ambiente» é o único premio convocado polas asociacións conservacionistas de Galicia foi concedido na modalidade de municipios ó Concello de Oleiros. Ademais, concederon tamén un accésit na modalidade de «Espacios Naturais» ó noso municipio pola defensa de Seixo Branco e a Costa de Dexo».

O motivo é —segundo os propios organizadores— «a política medioambiental de Oleiros, sen comparación con ningunha outra institución en Galicia. Exemplo deste son a recuperación para a actividade ecoloxista do Castelo de Santa Cruz mailo Pazo de Lóngora, e a futura creación do Parque Metropolitano Forestal, sen esquecer-la súa grande preocupación urbanística».

O Castelo de Santa Cruz está a piques de recupera-la súa función de centro dinamizador de actividades medioambientais dirixidas á ciencia e ó gran público, ó que hai que engadila restauración do Pazo de Lóngora, coas obras xa contratadas pola Universidade da Coruña, e que será un complemento da illa. Tamén pasou pola cabeza do xurado o Pazo de Espoz y Mina, en Nós, que será restaurado próximamente pola Fundación Juana de Vega cun propósito estupendo: adicalo a escola forestal e de xardinería para os mozos de Oleiros. Ademais, non esqueceron de mencionar todo o urbanismo municipal: os parques, os paseos e os espacios públicos, un xeito de que o medio ambiente se adapte ás necesidades do home urbano actual, que desexa vivir en harmonía coa natureza.

Os premios foron fallados a primeiros de xullo por un xurado composto polas máis prestixiosas entidades conservacionistas de Galicia: Taller Verde de A Coruña, Grupo Landra de Vigo e Centro Iris de Ourense.

Mais a «Bandeira» otorgada na categoría institucional non foi o único recoñecemento dirixido a Oleiros. O xurado tamén decidiu concederlle un accésit dentro da categoría de Espacios Naturais «pola súa defensa do Seixo Branco e da costa de Dexo». Deste xeito os convocantes da Bandeira Europea de Ambiente premiaron decididamente a política do Concello, comprometida profundamente coa conservación e recuperación do patri-



monio medioambiental.

Outros premios desta primeira convocatoria foron, na modalidade de divulgación para o libro «Antela, a memoria asolagada», de Xosé Luis Martínez Carneiro (Xerais); en «entidades» premiaron á feira «Econatura», de Ourense; en «conservación» ó Proxecto Lince, presentado pola Coordinadora de ONGs ambientalistas (CODA); o premio de «educación ambiental recaíu no libro «Guía de Insectos de Galicia», de Bahía Edicións; «espacios naturais» foi para a Lagoa de Sobrado dos Monxes, presentada pola Sociedade Galega de Historia Natural (un accésit deste premio concedeuse a Seixo Branco). En turismo premiaron a Finca Galea de Alfóz; en empresas «Acuavisión Atlántica» e en comunicación premiaron a páxina web «Ourense Natural», e a un programa de Onda Cero Ourense.

Unha pasarela unirá Santa Cruz co castelo

O Castelo non deixará de ser unha illa, anque para acceder ós edificios será construída unha pasarela. Así o decidiu o padroado do castelo, constituído pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

A obra está a piques de ser contratada pola Xunta, que se responsabilizou da súa construción. Segundo fontes dese departamento, nengunha das tres propostas recibidas dentro do prazo de presentación de ofertas convencia plenamente, porque non se integraban con tino no engaiolante conxunto da bahía, formado polo castelo, o paseo marítimo, o río e o vello porto de Santa Cruz, baixo o acantilado da Atalaia.

É precisamente ese anaco de paisaxe urbana alabado por todo o que a visita o que se pretende preservar coa nova obra, xa que existe o risco de que unha construción pouco atinada co entorno poña en perigo a beleza do lugar, reforzada nos últimos anos co

Parque Luis Seoane, que conecta o centro urbano da vila co mar a través dun corredor verde.

Que o Castelo esté construído sobre unha illa viña moi ben para a súa finalidade militar, pero non para o labor educativo e divulgador que vai ter o edificio de agora en diante. Anque a tradicional lancha seguirá a trasladar a todo o que queira acceder por mar ó interior da illa, os numerosos cidadáns que desexaran ver unha exposición ou asistir a unha conferencia, non podían estar pendentes dese medio de transporte.

Coa nova pasarela, que agardemos realce a beleza natural do lugar, todos poderemos ademais disfrutar con máis facilidade do acolledor bosque interior da illa, dos seus rochedos e dos paseos entre as vellas almeas que un día, hai centos de anos, foran construídas para preservar-la defensa da bahía.

Nace un canon para o tratamento das augas — En Oleiros só o terían que pagalo os de Perillo, anque afecta ó 90% da poboación

Unha «ecotaxa» da Xunta crea desigualdade

A Xunta ten unha maneira moi peculiar de reparti-los gastos entre os veciños.

Ven de publicarse unha norma para financiar obras de depuración das augas residuais, pero dí que só a teñen que pagar os veciños dos «núcleos» de máis de 2.000 habitantes, e non a totalidade dos veciños que disfrutan do servizo de alcantarillado e xestión dos fluídos domésticos sobrantes, que en Oleiros son o 90% da poboación.

No noso Concello, os 6.000 veciños

de Perillo terían que pagar eles sos un servizo do que se benefician 24.000 veciños: é a todas luces inxusto. A intelixencia autonómica toma como referencia os «núcleos» do Instituto Nacional de Estatística (INE), que en Oleiros recolle a Perillo como un núcleo único, mentres por exemplo, Santa Cruz (que chega ós 3.000 habitantes) está repartida en cinco deses «núcleos»: Coruxo de Arriba, Coruxo de Abaixo, A Ferrala, Franzomel, Babilonia e Porto.

O importe de cada recibo será por-

porcional á auga consumida por cada familia, e deben recadalo os concellos, aumentándoa á actual, destinada básicamente á conservación da rede.

Á Xunta non lle importa que se creen agravios comparativos entre os diferentes pobos de Galicia, cando podía contar cunha taxa moito menor se o canon fose xeneralizado entre tódolos veciños que teñen recollida e tratamento de residuos líquidos, o que, obviamente, reduciría o importe do recibo anual. O Concello recurrirá esta medida.

«La Voz de Galicia» tamén premia ó concello por medio dos «Amigos do Castelo»

Un recoñecemento importante ó labor do Concello de Oleiros é o realizado polo xornal «La Voz de Galicia», que no seu apartado dos premios «Voces da Coruña» destinado ó medio ambiente, otorgou o galardón á entidade «Amigos do Castelo de Santa Cruz».

Esta organización, da que forman parte destacadas personalidades do mundo científico e naturalista, naceu coa finalidade de que o Castelo fose por fin dedicado á función de divulgación medioambiental dedicada hai anos polo Concello de Oleiros.

Arestora, co compromiso da Universidade da Coruña e a Xunta de Galicia, o Concello agarda que desde Santa Cruz sexa un punto de referencia para que tódolos nenos e cidadáns en xeral poidan gozar do coñecemento do medio natural, primeiro paso para exercita-lo amor e o compromiso coa natureza.

O Concello de Oleiros entregou ó presidente da Deputación a súa proposta para que unha parte das vías provinciais pasen a ser xestionadas polo municipio. O ente provincial quere desfacerse das rúas, pero Oleiros só

quere admitir as que afectan a núcleos urbanos. O resto debe mantelas a Deputación, xa que as vías interurbanas entran dentro das súas competencias. O goberno municipal fixo unha proposta en positivo: que

Deputación arranxe as rúas urbanas, que pasan a ser mantidas de agora en diante polo Concello, e ademais, adecente as que non son urbanas, que seguirán sendo responsabilidade do organismo provincial.

¿Arranxará Deputación as súas rúas?

O Concello está disposto a facerse cargo das vías urbanas que hoxe son da Deputación, pero deben seguir investindo nas interurbanas

A Deputación deberá seguir mantendo as súas vías non urbanas do termo municipal de Oleiros. Coidar estas vías para que estén sempre en boas condicións supón un investimento anual de varias decenas de millóns de pesetas, que o Concello non ten por qué abonar, por seren de competencia provincial.

Arestora, en Oleiros agárdase a resposta do organismo provincial, que quedou de estudar un informe elaborado polos técnicos municipais, coa proposta do Concello.

O presidente provincial quería deixar de investir nas vías de Oleiros, traspasando as estradas ó

Concello. Este seguirá esixindo en nome dos veciños que se melloren as condicións de seguridade para o tráfico rodado e sobre todo para os peatóns, e se manteñan cada ano para a prevención de accidentes e coas demandas que esixe un tráfico rodado á altura do século XXI, coherente co urbanismo de alta calidade que arrodea a maioría das nosas vías.

Hai que lembrar que a rede viaria de Oleiros é unha das máis tupidas de España, e o esporellamento da poboación esixe uns gastos moi altos en mantemento da rede viaria, así como doutros servizos que dela dependen, como a recollida de lixo ou os alumados públicos.

Rúas e Estradas da Deputación en Oleiros

En xeral, as vías da Deputación atópanse en mal estado

O Concello asumirá só os treitos urbanos, pero despois de reparalos



A Deputación debería construír arcéns nas súas vías interurbanas

AS VIAS DA DEPUTACIÓN

Antes do seu traspaso ó Concello, os veciños de Oleiros necesitan que se realicen as seguintes obras, para dispoñer dunhas rúas á altura dos tempos que corren. Estas son as vías e o tratamento que merecen:

VIAS URBANAS

— 1. RÚA GAIVOTEIRA (LIÁNS)

Construcción de aceras e canalización de pluviais

— 2. DA PR. DA RABADEIRA (OLEIROS) Ó CRUCE DE CORUXO (LIÁNS)

Inclúe Av. Venezuela, Rúa Barreira e A Ferrala. Necesita construír aceras nos núcleos urbanos consolidados e un arcén por ambos lados no resto.

— 3. ACCESO A MAIANCA

Algún tramo xa foi arranxado polo Concello, pero a maioría segue a ser da Deputación, que debería realiza-los arcéns e pavimenta-la vía.

— 4. O PASAXE-PERILLO (CASCO URBANO DE PERILLO)

Esta vía nace na Av. Rosalía Castro, sobe á Igrexa e baixa a Ché Guevara pola rúa Neira Vilas. Precisa aceras e asfaltado.

— 5. AVDA. DE SANTA CRISTINA (PERILLO)

Xa fora urbanizada polo Concello, e só precisa reparación do firme.

— 6. ACCESO Á PRAIA DE BASTIAGUEIRO (LIÁNS)

Pódese recibir tal como está, pois a súa reforma inclúese no plano do Paseo Marítimo de Bastiagueiro.

— 7. RÚA DO REPICHO, EN SANTA CRUZ (LIÁNS)

Necesario construír aceras, pavimentar e canalizar pluviais.

— 8. ESTRADA OLEIROS-PRAVÍO (OLEIROS E IÑÁS)

É preciso construír aceras nos tramos urbanos de Oleiros e Iñás.

— 9. ESTRADA OLEIROS-SADA

O tramo que vai desde o Colexio da Rabadeira ata A Edreira, no límite co concello de Sada. Parte del está urbanizado polo concello, pero no resto é preciso construír aceras e conduction de pluviais especialmente desde a estrada de Soñeiro ata A Edreira.

— 10. ESTRADA MERA-VEIGUE (SERANTES E DEXO)

É necesario construír aceras no tramo da Perla ata A Pía.

VIAS INTERURBANAS

É preciso construír arcéns no resto das vías que dependen da Deputación, que son as seguintes:

11. — CORUXO DE ARRIBA - MONTROVE (LIÁNS)

12. — POUSADA - A EDEIRA (OLEIROS)

13. — A BARREIRA - A PEZOCA (OLEIROS)

14. — ACCESO Ó PORTO DE LORBÉ (DEXO)

15. — PARTE DE MEIRÁS - SANTA CRUZ (LIÁNS)

16. — MANDÍN - IÑÁS (IÑÁS)

17. — PARTE DE MERA - VEIGUE (SERANTES E DEXO)



As Galeras: Santa Cruz achégase a Bastiagueiro

A nova urbanización das Galeras vai supoñer unha importante área de expansión urbana de Santa Cruz. Entre a costa e a estrada de Bastiagueiro construíranse 448 vivendas, unha escola infantil e todos podere-mos pasear polo novo Parque Litoral que conectará os Paseos Marítimos de Santa Cruz e Bastiagueiro.

A rotonda que se ven de construír na avenida de Ché Guevara, xa perto de Santa Cruz, dará acceso ás Galeras. Cara ó mar, tamén levará a un enorme parque litoral percorrido por unha fermosa senda marítima sobre os cantís de Porto Cobo e Bastiagueiro Pequeno. Este parque ocupará aproximadamente o 30% da superficie urbanizada, que será construída sobre unha superficie de 30 ha. e levará unha zona de chalés aillados outra de pareados e outra de edificios de baixo e dúas prantas.

O parque incluirá a senda litoral que está previsto que percorra toda a costa do Concello, un eco-camiño con interven-

ción de obra "branda" —sen asfalto nen excesivo mobiliario urbano—, para harmoniza-lo entorno coa paisaxe natural propia do lugar.

As Galeras ven de ser aprobada polo Pleno municipal, pero o camiño para chegar aquí non foi doado. O goberno local tivo que loitar moi duro cos promotores inmobiliarios e os concelleiros do PP, que desde 1991 mantiñan o proxecto de urbanización paralizado. Naquel momento, e co anterior Plan de Ordenación Municipal, non se podían construír alí máis de 10 vivendas por hectárea (ha). Desde entón, os especuladores do chan estiveron sempre agardando un cambio de Plan, ou un cambio na orientación política da Corporación, algo isto último que non sucedeu, pois sigue a gobernar o grupo da Alternativa dos Veciños, agora co apoio de dous concelleiros do PSdeG-PSOE.

A Alternativa dos Veciños sempre inclue nos seus programas electorais un estricto control das edificacións e a preservación da zona

costeira con compensacións para os seus propietarios, para que os núcleos de Oleiros non se acaben convertindo en espazos de baixa calidade urbana. Ademais, neste caso e logo da transformación do centro da vila co Parque Luis Seoane ou a praza de Liáns, non podía deixarse medrar unha cidade inmensa nun dos terreos máis apreciados de toda a área metropolitana.

En 1995 apróbese o novo Plan Xeral e permite construír nas Galeras as 16 vivendas por ha. que se autorizan agora, gracias ó Plan Parcial aprobado días atrás. O Partido Popular de Oleiros oponse a ese Plan Xeral e en varias ocasións chegara a propoñer que nas Galeras deberan construírse 42 vivendas por ha. Supoñería que se construírían case 1.200 vivendas, o triple das actuais, masificando toda a costa con bloques de vivendas en altura. Santa Cruz vería dobrada a súa poboación



e converteríase nun barrio superpoblado, deses que ateigan os arredores das cidades.

Ademais, con esta planificación de calidade, ningún dos veciños propietarios das fincas, perde diñeiro. O que se gana coa calidade dos edificios arrodeados de parques e equipamentos, compensa sobradamente o que se perde pola cantidade de vivendas construíbles. Ou o que é o mesmo: o que se perde en cantidade, gánase en prezo de venda. A clave está en aproveitala privilexiada natureza da que goza Oleiros e que levamos anos protexendo para deseñar uns polígonos residenciais inmejorables para tódolos cidadáns de Oleiros, obxectivo da política urbanística do Goberno Municipal.

Fincas para equipamentos en Dorneda, Dexo e Montrove

As recentes expropiacións de terreos para construír infraestruturas públicas levadas a cabo en Dorneda, Dexo e Montrove causaron gran contento na maioría dos veciños, beneficiados pola construción de equipamento.

En Dorneda, a expansión urbana e as necesidades que se prevén de enterramento, fixo necesaria a ampliación do cemiterio, para o que se obtivo 11.000 m² de solo onde se construírán novos nichos e as instalacións necesarias dun camposanto actual. Tamén se ganará zona de aparcamento e espazo verde.

O caso de Dexo respondía ó vello desexo veciñal de que o campo da festa —propiedade da Igrexa— fose un parque público (ver páxina 14), e en Montrove quere-se recupera-la vella finca Ibarrola, onde a Igrexa era propietaria maioritaria, un patrimonio artístico actualmente abandonado, que pasará a ser un fermoso

parque público.


O proceso é o seguinte: ábrese un proceso negociador coa propiedade no que se lle mostra o interese veciñal en mercar, sempre respetando tódolos dereitos que a propiedade teña no Plano Xeral. Se o propietario se mostra razoable, como ocorre na maioría dos casos, mércase; pero se desexa un beneficio excesivo, ou ten interese especulador, ábrese a expropiación para conseguilo propósito público. Ó goberno municipal gustaríalle que nestes casos puidera chegarse a acordos cos propietarios, pero desgraciadamente, ás veces non é posible. Tódalas adquisicións siguen un estricto procedemento legal e págaselle ós propietarios tódolos seus dereitos; non obstante o PP oponse constantemente ás propostas do Goberno.

É unha mágoa que co representantes da igrexa —que manexan propiedades moitas veces donadas por testamentos— non se chegase a acordos para beneficiar ó conxunto dos cidadáns.

Novas urbanizacións no interior

As obras para construír 185 vivendas de promoción pública no Carballo están a piques de iniciarse, gracias a un convenio firmado entre o Concello e o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Trátase de chalés e pisos que estarán a disposición das familias que desexen optar á súa compra, segundo o seu nivel de renda e con estupendas condicións de adquisición. A iniciativa municipal de promover esta urbanización, situada na N-VI fronte á urbanización O Pinar, débese a que son moitos os cidadáns de Oleiros que desexan optar a vivendas a prezos controlados, para seguir residindo no noso concello.

O Concello de Oleiros comunicara-lles por carta os prazos e o procedemento para solicitar unha destas vivendas do Carballo, que en principio están **reservadas para os oleirenses**. Se non se venden todas entre os veciños de Oleiros, —cosa difícil a xulgar pola grande cantidade de chamadas que se ven



rexistrando— poderán asignarse a familias doutros municipios.

Pode verse xa como avanza a construción de «Areal», unha nova urbanización ubicada na rúa do mesmo nome, entre as avenidas das Mariñas e Rosalía Castro, perto de Cavamontes, en Perillo.

Ademais de vivendas en altura, construírase un centro comercial da cadena «Día».

«Fonte do Ouro» tamén está a dar os seus primeiros pasos perto da Avenida de Miguel Hernández, saíndo de Oleiros cara á N-VI entre as estradas de Iñás e O Carballo. Serán 85 vivendas (42 plurifamiliares e 43 unifamiliares).

Esta urbanización ten que afrontar a reforma da Praza da Rabadeira, na que se investirán uns 17 millóns de pesetas para mellora-lo seu aspecto e amplía-la súa superficie. Sostituiranse os actuais muros por taludes vexetais, prantaranse novas especies, dotara-se de mobiliario urbano e eliminara-se o tráfico rodado da vía norte. Así o decidiron a maioría das familias que o pasado ano votaron esa opción.

tema central / ¿Lembran a visita do «Diana María»

¿Porqué había tanto interés en retira-lo buque por terra? — O Concello non permitiu se convertise nunha factoría de desguace — A imaxe do Porto da Coruña, de novo, te

Foise por onde cheg

Só podemos dar gracias a Deus: o buque que deitou nos acantilados de Dexo nunha madrugada de calma chicha de verán non era un petroleiro. Nen viña cargado de productos perigosos: só chatarra. Os sistemas de seguridade maríti-

ma non funcionaron, nen despois as autoridades de salvamento se diron moita presa en retira-lo barco, que desexaban sacar por terra: só dous días antes da súa retirada por mar, «recomendaban», nunha carta ó Concello, que sería moito máis doado quitalo desde terra. Estes días estano a desguazar cómodamente no porto de Cée.

vengan en las mismas, es la descarga por tierra. Esta actividad exigirá la construcción de una base de hormigón para colocar una grúa, una explanación en la parte superior del acantilado y la ampliación del camino de acceso». Este texto está entresacado dunha carta asinada polo director de Sasemar (a empresa pública de salvamento marítimo) recibida na alcaldía de Oleiros nos últimos días de xullo, pouco tempo antes de que dous remolcadores extrouxeran por mar os restos do «Diana María».

PROTESTAS POLA SEGURIDADE NO ÁRTABRO

Ante ese interés dos «técnicos» en salvamento por artellar un complicado e carísimo sistema de desguace, o Concello opúxose a que os cantís se convertiran en base de operacións: non aportaban datos convincentes que recomendaran o desguace alí, abandonando as posibilidades de reflotamento do buque, que, a medida que pasaba o tempo, ía deteriorándose máis. Coa súa postura, o Concello de Oleiros logrou tres obxectivos: 1. **Que o barco saíse do acantilado nun prazo breve** e sen complicacións; 2. **Que o medio ambiente non sofrise** unha nova acometida contaminante e 3. **Aforrar ó Estado ou á aseguradora os custos dun procedemento máis prolongado** e caro. «Alguén se beneficiaría dunha operación así», podía escoitar eses días nos comentarios dos veciños que se achegaban ó lugar, ou nas tertulias que corrían por Dexo.

«RESTITUCIÓN DEL TERRENO»

A carta de Sasemar dicía que se encargaría a «un gabinete de reconocido prestigio» o control do medio ambiente polo menos ata un ano despois de rematadas as operacións, e que se retiraría a base de formigón e se restituiría a vexetación ó seu estado inicial. O colmo de tan documentada carta é que dicía que «una alternativa por mar sería menos eficaz, máis costosa e con maior riesgo», anque recoñecía que era tecnicamente posible «para la descarga». Por fortuna, tamén foi tecnicamente posible para o rescate do buque enteiro.

EMBARRANCA CON CALMA CHICHA

No mencer do sábado, 27 de xuño, co mar calmo coma un prato, un buque de extrana bandeira de Antigua e escasa tripulación ven dar co seu peito nos cantís de Dexo. Quería entrar en Ferrol, pero un «descuido» do seu capitán —segundo dín— fixo ó barco salvar A Marola e deitou coma un canciño manso na cuna que forman os escarpados rochedos das puntas da Rasa e San Antón, en pleno parque natural de Dexo.

DEXO NON SERÁ UNHA FACTORÍA DE DESGUACE

Tras varios intentos fallidos de reflotamento, e coas operacións de rescate enmarañadas entre a complicada burocracia e enfrontamento de intereses que ofrecen estes casos, comencan a detectarse movementos a prol de que o buque se extraia desde terra, gracias a un complexo operativo, probablemente concebido coa finalidade de que algunha empresa especializada se beneficiaría. A alcaldía oponse rotundamente. Despois dun pequeno incendio na proa, seguía sen

haber informes técnicos que... terra. Ante elo, para axilizar accións especulativas en torno a saía por donde entrou».

QUERÍAN MANIPULAR EN DEXO A CHATARRA

Co barco nas rochas, comezaron a moverse os intereses creados: desguazadores, transportistas, empresas de servizos, de seguridade... un rosario de levantacadáveres movéronse darredor do corpo inerte do «Diana María» coma se fosen abutres sobre un cabalo accidentado. Anque de seguro ninguén poderá demostrala connivencia dalgunhas autoridades, sí resulta reveladora unha coincidencia. Lean: «El procedimiento más apropiado y seguro para realizar las citadas operaciones [o desembarcamento do buque], tanto para el buen éxito de los trabajos como por la seguridad de las personas que inter-

DEXO NON SOPORTARÍA TANTO CAMIÓN


Unha das lendas que se contan na Costa da Morte é que os veciños enganaban o sistema de sinais marítimas para provocar que afundisen os barcos e beneficiarse dos «botíns» que viñan neles. Logo víase como moitos tentaban pinta-las súas casas con leite condensado, ou vender «gaseosa do barco» nas tabernas, que en realidade era o carísimo champán «Möet Chandon». Son anéc-

dotas dos naufraxios de antano, que se desdibuxan na lenda, pero que teñen moito que ver coa nova piratería de algúns especuladores interesados na sinistralidade marítima de hoxe.

Existe un mercado da chatarra marítima moi relacionado cos negocios subseguintes ó afundimento dun buque. No caso do «Diana María», no Concello detectouse un especial interés dalgún alto funcionario público en

«repartir» favores entre empresas amigas para extraer desde terra os restos da probe nave sinistrada.

Pero a postura municipal foi inflexible: non toleraremos que polos camiños de Dexo circulen tantos camiños, porque deteriorarían moitísimo o medio ambiente dun espacio que vai ser declarado en breve «Monumento Natural» dentro da Rede 2000 da Unión Europea.



Canto máis retraso, máis fendas, coma esta de proa (de

ós cantís de Dexo?

u que o acantilado
erceiromundista

gou

ou con calma chicha



recomendasen a retirada por
o proceso e prever posibles
no ó buque, o Concello resu-
s cunha frase: «Que o barco



en complicacións



alle no recadro)

SAE COMA UNHA SEDA

Eso foi o que sucedeu. Un mes despois do accidente comezan a extrae-la chatarra, ante a perplexidade xeral: ¿porqué non fixeron esa operación nos días seguintes ó embarrancamento, con tan bó tempo que houbo? E mes e medio máis tarde —dous días despois de que o Concello prohibise utiliza-lo acantilado como plataforma para o desguace—, dous remolcadores tiraron da nave con marea alta, e o barco saía cara a alta mar. Levárono a porto coma se nada, e agora desguázano en Cée sen complicacións. Se o Concello non se opuxera de maneira contundente, agora estaría o cantil cheo de grúas, a landa infestada coma se fose unha metalurxía e os camiños de Dexo ategados de camiões cheos de chatarra: algún avispado facería un bo negocio. Desta vez, saeulles mal.

Preocupa a escasa seguridade do Golfo Ártabro

Os fallos do sistema de seguridade do porto da Coruña volveron a trae-la preocupación a Oleiros, onde lembrámo-la promesa das autoridades de que coa Torre de Control non se volverían suceder accidentes como éste. As declaracións realizadas polo subdirector de seguridade marítima a Radio Oleiros, nas que dicía que con tódolos medios que teñen tan só podían tentar poñerse en contacto por radio co buque, encheron de perplexidade ós cidadáns. A imaxe do porto coruñés, lonxe de semella-la dunha instalación moderna e avanzada, volve a quedar como a propia dun país terceiro-mundista por mor das súas reiteradas desgracias.

Fotografías: Xosé García

Oleiros, de obras

O termo municipal está ategado de obras. Nalgún caso conversións urbanas importantes como o nudo da Pasaxe, a ampliación do parque José Martí, a construción do Náutico, o Conservatorio, ou a transformación en bulevar da avenida de Ché Guevara, pero noutros casos trátase de pequenas obras tan necesarias como as grandes. Esta é unha relación de obras que se están executando ou pendentes de escomenzar, dando así fiel cumprimento ós programas do equipo de Goberno:

MELLORA E AMPLIACIÓN DE ALUMADOS PÚBLICOS — TOTAL: 5,3 MILLÓNS DE PESETAS

- Rúas Arán, As Pedreiras, Pescadoras, Fieiteiras e Cangadas de Abaixo, en Serantes
- Rúa A Concheira e acceso Maianca-Broño, en Maianca
- Rúas O Faro e O Caño, en Iñás
- Rúa da Chave ata Agurrío, en Dorneda
- Rúas Os Xuncos, A Cruz, As Mapoulas, O Cuco e Os Pingóns, en Nós

REDE DE SANEAMENTO E SUMINISTRO DE AUGA POTABLE — TOTAL: 70,5 MILLÓNS DE PESETAS

- De Os Vilarés, en Iñás ata A Gándara, en Nós
- Nova canalización en Giner de los Ríos
- O Paraíso e Monte do Sino (Montrove), en Liáns
- Núcleos urbanos de Lourido de Arriba e Lourido Grande, en Dorneda
- O Couto, en Lorbé-Dexo
- Mellora para a captación de augas e depósito regulador en Monte do Sino (Montrove)
- Mellora e ampliación de seccións dos colectores xerais en Avdas. Ché Guevara e As Mariñas (zona O Pasaxe), cara a Nós e Santa Cruz

ASFALTADOS — TOTAL: 15,8 MILLÓNS DE PESETAS

- Rúas Arán, Pescadoras e Fieiteira, en Serantes
- Rúa da Mazota, en Perillo
- Acceso á depuradora de Lorbé
- Rúas Malvela, O Paraíso, O Seixo e O Escondite, en Liáns
- Rúa da Concheira e estrada de Maianca a Broño, en Maianca
- Outras rúas en reparación en Nós, Oleiros, Iñás e Dorneda, como A Croa, Cascaxeira, Os Cubos, etc.

OUTRAS OBRAS E ACCIÓNS — TOTAL: 111,7 MILLÓNS DE PESETAS

- Recuperación do entorno, aceras, barbacoas, etc. na Casa do Pobo de Mera
- Ampliación e reconstrución da Praza da Rabadeira, en Oleiros
- Mobiliario para a Casa do Pobo de Montrove
- Proxecto para Saneamento e condución de Auga no Broño
- Adxudicación da redacción do Plan Especial para o Parque Natural Metropolitano de Liáns
- Acondicionamento de setos no Parque José Martí
- Mellora das condicións da depuradora de Lorbé
- Recuperación de mananciais e entorno das fontes de Arillo, Vigo (Lorbé) e Campo da Vila (Iñás)
- Proxecto para a futura eliminación da depuradora de Mera e impulsión das augas ó alto de Breixo para enviar ó emisario de Bens
- Construción da ampliación do cemiterio de Dorneda
- Cambio da cuberta do Colexio Luis Seoane, en Canide

OBRAS EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS — TOTAL: 2,1 MILLÓNS DE PESETAS

- Redacción do Paseo Marítimo de Mera (estaba paralizado en Madrid e o Concello asumiu o esforzo de modifica-lo propio proxecto de Fomento para adaptalo ás novas directrices do Ministerio)
- Redactado xa o proxecto para a glorieta da «Raqueta», na entrada ó Clube de Ténis, en Nós, para entregalo mellorado a Fomento
- Planimetría do proxecto de túnel e aceras en N-VI (Iñás), para Fomento



OBRAS RELACIONADAS COA PRÁCTICA DEPORTIVA —

TOTAL: 32,7 MILLÓNS DE PESETAS

- Construción da Polideportiva de Dexo
- Construción de gradas nas polideportivas descubertas do Colexio Valle Inclán, de Perillo, e na de Atletismo do Colexio Luis Seoane, en Canide
- Construción de gradas, vestiarios, ambigú, almacén e aseos no campo de fútbol municipal de Montrove
- Cerramento na Pista Polideportiva do Carballo

COMPRA DE SOLO — TOTAL: 76 MILLÓNS DE PESETAS

- Finca Ibarrola, para a ampliación do Parque da Capela de Montrove
- Terreos para a ampliación do Cemiterio Municipal de Dorneda
- Campo da Festa de Dexo, para parque público e equipamento



Pode informarse en Servicos Sociais do Concello (981 61 0000)

Ocio para calquera idade

Tódalas persoas maiores que o desexen poden apuntarse en calquera dos diversos cursos ou actividades programadas polo departamento de Servicos Sociais do Concello. Existen tanto actividades lúdico-físicas deseñadas especialmente para os maiores de 60 anos, como obradoiros para realizar a calquera idade.

Para maiores de 60

O programa consta de sesións diarias de 45 minutos das seguintes disciplinas: natación, ximnasia, bailes de salón, exercicios de memoria e ioga e relaxación. Deste xeito, os participantes obtéñen numerosos beneficios a niveis físico, psicolóxico e social, proporcionándolles unha oportunidade para confrontarse positivamente

co ambiente, disfrutando dunha maior autonomía.

As numerosas instalacións do Concello —casas do Pobo ou centros socioculturais— serven de lugar para a boa marcha das actividades, que costan preto de 6 millóns de pesetas. Entre xaneiro e xullo deste ano participaron xa 300 persoas, pero continuará ata fin de ano.

Excursións a medio país
Betanzos, Cambados, Vila-garcía, A Toxa, O Grove, Camariñas,

Ponte do Porto, Vimianzo, Muxía, Viveiro, Cedeira, Ortigueira, Cariño e O Barqueiro son algúns dos lugares visitados polos 533 veciños de Oleiros maiores de 60 anos que asistiron a unha xeira de viaxes organizadas por Servicos Sociais do Concello. O coñecemento dalgúns lugares remóntase a moitos anos atrás para a maioría dos participantes, que lembraban as distintas zonas de vellas imaxes da nenez ou recordos de historias contadas.

OBRAIDOIS PARA TODOS

Os obradoiros que se realizarán este ano son os seguintes:

Manualidades (Perillo, Nós, Os Regos, Santa Cruz, Mera e Dexo), Encaixe de Bolillos (Santa Cruz, Oleiros, Perillo, Mera e Montrove), Tapices, Teares e Macramé (Perillo e Santa Cruz), Confección (Santa Cruz, Perillo, Iñás e Lorbe), Debuxo e Pintura (Perillo) e Escola de adultos (Dorneda).

Apúntate nos Servicos Sociais do Concello (981 61 0000)



Por fin , unha ambulancia permanente

Despois de constantes demandas veciñais e municipais, o Concello logrou que o Sergas dispuxera o servizo permanente dunha ambulancia para atender as urxencias que puideran presentarse.

Trátase dunha das novas unidades do 062 que todos poden ver aparcada preto do Ambulatorio de Santa Cruz, algo que redundará na mellora do servizo sanitario gratuito.

Gracias á xestión municipal des-

tinaron aquí a ambulancia. Menos mal que o Goberno Municipal non fixo caso do PP cando propuxeron mercar unha ambulancia, xa que este servizo ten que prestalo o Sergas, unha entidade que pagamos todos.

*Se tes máis de
60 anos,
o Pazo de
Arenaza é teu*.*

**de 9 da mañá a 6 da tarde.*

Infórmate:
Servicos Sociais
Concello de Oleiros
Tlf. 981 61 00 00

PAZO
Arenaza
PORQUE O MERECEES TODO



DE NOVO AS MERENDIÑAS

Foi outra tarde de farra e fartura a que viviron centos de maiores nos xardíns do Centro Cultural As Torres, de Santa Cruz. Alí foron chegando moitos veciños coas súas colaboracións gastronómicas e festeiras. Houbo música e bailes ata o anoitecer. E todos disfrutaron encantados.

Tamén se clausurou a Escola-Taller Rialeada

Unha chea de novos cursos para axudar ós parados

120 mozos en paro, dos que máis da metade son do concello, asisten estes días a oito novos cursos de formación ocupacional no Centro Municipal de formación Isaac Díaz Pardo.

Alí aprenden os oficios máis variados: cantería e pedra artificial, cociña, serigrafía, ebanistería, colocación de escaiola, pastelería, pintura de edificios e xardinería. Está a piques de comeza-lo curso de Especialista en deseño asistido por ordenador, no que outros 15 alumnos investirán 200 horas.

Todos estes alumnos, ademais de iren formándose para aumentar as súas posibilidades de atopar un emprego que os dé de baixa nas listas do paro, asisten tamén a un curso de formación para montaren cooperativas, por se para algún caso puidera ser de interese este xeito de autoemprego, onde aprenden cómo facerse empresario e as claves para unha boa xestión, trámites, etc.

Por outra parte, a Escola-

Taller «Rialeada», que tivo como misión converter-la ruína dunha quinta da belle-epoque na sede da Biblioteca Central do Concello, foi clausurada pola alcaldesa de Oleiros, acompañada de autoridades da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que tamén visitaron o Pazo da Carballeira, en Nós, no que se pretende ubicar unha escola-taller de formación agraria en colaboración coa Fundación Juana de Vega.

A clausura serviu para entrega-lo título ós 50 alumnos da Escola-taller, o 40% dos cales xa atoparon traballo. Tamén se proxeitou un audiovisual sobre a restauración da quinta. Todos felicitaron ós xoves que gracias a estes cursos se especializan como operarios, e despois son contratados polo Concello para continuar a obra, que foi acabada no prazo previsto.

O polifacético intelectual foi nomeado fillo adoptivo de Oleiros

O novo veciño Kaydeda

Un emotivo acto no Teatro das Torres serviu para que José María Kaydeda recibise o calor dos seus novos veciños de Oleiros. Fora nomeado polo Pleno Fillo adoptivo de Oleiros e moitos amigos e veciños participaron na entrega oficial do título, no que tamén tivo un lugar destacado a súa dona, Teresa Jorge.

Foi Felipe-Senén o encargado de abrir, coa paixón que o caracteriza, a cerimonia de entrega, presentada pola presidenta da Fundación Municipal de Cultura, Ana Pallares, e na que se repasaron moitos aspectos da súa vida. Felipe-Senén calificou a Kaydeda como unha persoa literaria: «Alá donde está él, está a polémica, pero tamén alá donde está un artista, está un neno, con toda a súa potencia creadora, porque donde hai un neno hai unha potencial idade de ouro».

Salvador Corroto, crítico de arte que se considera un pouco «fillo» de Kaydeda, como él mesmo dixo, falou da importancia do novo fillo de Oleiros como «insurxente e loitador contra a apatía da posguerra» e fixo un percorrido pola importancia plástica do artista, que pasou polo que calificou como «surrealismo sobrecolador» ou máis tarde por un «impresionismo abstracto». Como queira que fose, estivo sempre «arrodado polo cariño e o amor que lle profesan gran parte do mundo artístico das cidades donde viviu». Definiu a súa obra como «sempre sorprendente» e a él como un «trotamundos que sempre apurou a vida en tódolos seus aspectos».



O xornalista Ángel Padín, en nome da Asociación Pablo Ruiz Picasso, falou de Oleiros como lugar onde «se resumen tódolos bens desta Galicia que acolleu a Kaydeda como fillo, anque non nacera aquí», e felicitou ó Concello pola súa iniciativa.

Logo de que a alcaldesa lera a declaración municipal que o reconece como novo veciño de Oleiros, Kaydeda dirixiuse ó cento largo de persoas congregadas no Teatro —a maioría membros do movemento veciñal de todo o concello— para agradecerlo detalle á súa «nova patria, esta pequena patria que desde hoxe para min é Oleiros». «A miña mente é un cabalo desbocado cara á miña infancia galega, donde aprendín cousas importantes, como o pranto dunha vaca ou o traballo dos artesáns, e tamén a súa condena a morte durante o franquismo. Deu gracias a toda a Corporación, pero en especial a Salvador Corroto e a Angel García Seoane, que fixeron posible o seu regreso a Galicia».

Kaydeda, «un trotamundos que sempre apurou a vida»



«Alfaroleiros» consolídase como a mellor feira de artesanía

A afluencia de público, o volume de vendas, a satisfacción dos participantes, a calidade das pezas que se expuxeron e tódolos comentarios coincidiron para que «Alfaroleiros» se consolidase definitivamente como a feira de artesanía do barro máis importante de España.

A edición deste ano, cuarta vez que os cacharros toman a erba do Parque Luis Seoane, contou coa participación de 27 alfareiros chegados de toda España, que venderon pezas por importe de un millón de pesetas cada un, aproximadamente.

O espléndido clima do que disfrutamos non foi só meteorolóxico, senón tamén no humano e festivo, pois a feira sempre acaba sendo unhas xornadas de convivencia e confraternidade entre os artesáns chegados de cadavira comarca.

Este ano aproveitouse «Alfaroleiros» para render unha homenaxe a Federico García Lorca, por mor do centenario do seu nacemento en Fuente Vaqueros. Os alfareiros andaluces participaron activamente no recitado de poemas, no que tamén participaron numerosos veciños de Oleiros.

Declaración unánime de nomeamento de Fillo Adoptivo polo Pleno da Corporación

«Co mesmo calor que coce o barro»

Cando alguén chega a Oleiros con boas intencións, sempre chegará á súa casa. Este é un principio xa tradicional nesta terra acolledora e amable. Pero se quen chega é un home que trae con él unha forte personalidade creativa, unha sensibilidade tan arraigada na cultura popular e unha vida chea de camiños de liberdade, temos que mostra-lo noso orgullo ós catro ventos.

É o caso de José María Kaydeda, que chegou a Santa Cruz coa súa vida a costas, para agasallarnos coa súa sabiduría ilustrada e a constancia dunha experiencia dedicada a esculcar no máis fondo da alma ibérica. Gracias a él, Oleiros pódese gabar da orixe do seu nome cunha magnífica colec-

ción chea de autenticidade e de rigor. Unha colección que nos fala dos oleiros de tódolos camiños. De cómo traballan. De cómo eran e cómo son os que aínda persisten e que cada ano nos visitan en Alfaroleiros, outro dos froitos que Kaydeda alumea, xunto con Teresa, cada agosto sobre a erba de Santa Cruz.

O primeiro que compre facer para recoñecerlo agradecemento a José María Kaydeda é súa solemne declaración como fillo adoptivo de Oleiros. Este concello pleno, sabedor de que toda a terra é dos homes de ben, coñece tamén que a Kaydeda lle sobran lugares desde os que espalla-la súa forza creativa. Ese é o gran motivo desta declaración: que escollese Oleiros para vivir. E que siga desde aquí a construír

ese mundo de realidades que é a esencia da súa persoal aportación intelectual a esta época de confusións de entreséculos.

Foron moitas as simpatías que o noso veciño foi sementando polos numerosos círculos onde exerce a súa actividade intelectual. Foron moitos os amigos xenerados, moitas as loubanzas ás súas obras, moitas as admiracións que acocha o misterio do seu exercicio creativo. Gracias a él, o noso concello é ponto de referencia en tertulias artísticas, en foros de opinión e nos ámbitos museísticos en que figura a colección que con tanto cariño acollimos no noso Centro Cultural.

Entre as mostras de admiración recibidas están as da Asociación de Amigos de Pablo

Picasso, que se dirixiu a este Concello solicitando o recoñecemento público da figura de José María Kaydeda, que correspondemos destacando a súa figura da mellor forma que sabemos: agasallando-o coa fé de maternidade emocional que corresponde a cada fillo adoptivo municipal.

Pedimoslles que aproben esta moción, porque estarán realizando un acto de xustiza compartido por todos. Como de xustiza é o calor que lle queremos transmitir a Kaydeda. O mesmo calor que a través dos séculos endureceu todo barro do mundo e fixo posible, entre outras cousas, que este lugar se chame así: Oleiros.



Por fin nace Labarta, a mellor escola para os pequenos de Mera

Despois de moitos contratempos nace, por fin, a Escola Infantil Labarta, donde os cidadáns máis pequenos de Mera comezarán a súa vida educativa.

A xulgar polo resultado, valeu a pena agardar: tres estupendas aulas, para uns 50 nenos de 3, 4 e 5 anos respectivamente, e unha gran sala de xogos con galería convírten a escola de Casa Labarta nun lugar ideal para que os pequenos poidan comezar a desenvolver a súa creatividade e dar os primeiros pasos do «cole» que lles agarda.

Cada aula ten o seu servizo, adaptado para tan peculiar «clientela», e ade-

máis existe unha sala de profesores, un patio cuberto e unha zona libre cunha torre de xogos construída polos alumnos do Centro Municipal de Formación «Isaac Díaz Pardo».

Esta instalación, tan agardada sobre todo polos pais de alumnos de Mera, non tivo unha vida nada fácil. O Concello tiña intención de que fose inaugurada para o pasado curso escolar, pero a empresa á que estaban contratadas as obras deu en quebra, o que paralizou o proceso de restauración. Os procedementos legais que esixe a Administración para estes casos fixeron imposible que eso se cumprise, polo que os pais tiveron que

agardar outro curso escolar para ver os seus fillos nun lugar máis adecuado que as aulas de Cividáns onde se atopaba a escola ata agora.

O certo é que a comunidade escolar foi moi comprensiva coas circunstancias que rodearon a obra, e tanto a dirección do centro, como o cadro de educadores, como os propios pais, logo de recibiren as pertinentes explicacións, entenderon que había que supera-los contratempos. O Concello agradeceu fondamente a comprensión que mostraron todos.

Este curso, por fin, abre a nova Escola. O edificio foi obtido para o concello grazas a unha compensación urbanística (a do veciño edifi-

cio «Navila»), e restaurado con fondos municipais. Nas dúas fases, o concello investiu uns 40 millóns de pesetas, ós que hai que engadir os 35 millóns en que está valorados o edificio e a finca de 1.500 m² que o arrodea, cabo da praia.

No entrañable edificio recuperado vivían en tempos os propietarios da antiga telleira de Mera que deu lugar á propia lagoa artificial que hoxe é centro do fermoso parque da vila. A escola Labarta beneficiarase precisamente dese lugar como ámbito de expansión para os máis novos, pois poderán realizar un contacto máis cotián co medio natural.

Obras municipais para empezar normalmente o curso

O Concello está executando diversas obras nos centros educativos, aunque non son da súa competencia. Entre outras, cambiouse a cuberta do «Luis Seoane» de Canide-Mera e fixéronse reparacións nos pasillos e aceras do «Valle Inclán» de Perillo, todo elo ademais da posta en marcha da Escola da Braña, en Casa Labarta de Mera, e unha chea de pequenas obras para adecua-lo resto de Escolas e Institutos ó inicio do curso.

A Consellería de Educación, pola súa parte, manifesta nunha carta enviada ó Concello que as obras do «Neira Vilas» teñen que estar rematadas en xaneiro; as obras previstas no «Parga Pondal» de Santa Cruz están pendentes dun novo proxecto, e o novo Instituto de Oleiros poderá funcionar xa o curso que ven. En Educación non responderon aínda á demanda da necesaria restauración integral do Valle-Inclán.

A comunidade escolar, comprensiva coas circunstancias que motivaron o retraso das obras

Foi un verán animado



«Oleiros Verán» desbordou ós organizadores, os técnicos da Fundación Municipal de Cultura.

Os acampamentos tiveron unha gran aceptación. Case 300 rapaces inscritos nos diversos acampamentos programados, que se realizaron cara distintos puntos de alto nivel ecolóxico e cultural do propio municipio e incluso de fora, como a Malpica, para coñecer-los alfaremes de Buño, os roteiros da costa, do río Anllóns e mailo monte Branco, nunha excursión que levaba o título xenérico «As Torres de Mens». Tamén houbo mini-acampamentos nos que os cativos coñeceron zonas que aínda non tiveran ocasión de descubrir.

A Escolíña de artes plásticas, foi outro éxito, con 200 rapaces. A Fundación Municipal de Cultura artellou este ano por vez primeira, e de xeito novedoso na bisbarra mariñana, un obradoiro de iniciación á costura e outro de iniciación á música tamén seguidas por moitos rapaces.

As actividades deportivas son das máis apetecidas nestes meses de lecer. Houbo un total de 29 convocatorias deportivas, nas que destacaron as relacionadas co mar, como remo, vela ou natación. Esta última tivo un éxito difícilmente superable: máis de cen rapaces disfrutaron das sesións se desenvolveron en varias piscinas. Por outra banda, máis de 60 persoas apuntáronse ás clases de vela e wind-surf e outras 40 fixeron o propio nas de remo. As actividades de baloncesto, patinaxe, volei-praia, futbito, ping-pong, ximnasia rítmica e ballet suman en total arredor de 200 cativos.

Este é só un mínimo balance do que foi o programa «Oleiros Verán» organizado pola FMC. Os seus técnicos traballaron afañosamente durante o verán para que todo estivese a punto. Os centos de rapaces participantes, merecían. Moitos deles participaron por vez primeira nunhas actividades nas que os nenos poden experimentar con ledicia a convivencia social

As actividades de iniciación á costura e outro de iniciación á música tamén seguidas por moitos rapaces. As actividades deportivas son das máis apetecidas nestes meses de lecer. Houbo un total de 29 convocatorias deportivas, nas que destacaron as relacionadas co mar, como remo, vela ou natación. Esta última tivo un éxito difícilmente superable: máis de cen rapaces disfrutaron das sesións se desenvolveron en varias piscinas. Por outra banda, máis de 60 persoas apuntáronse ás clases de vela e wind-surf e outras 40 fixeron o propio nas de remo. As actividades de baloncesto, patinaxe, volei-praia, futbito, ping-pong, ximnasia rítmica e ballet suman en total arredor de 200 cativos.

Outono / Outono / Outono / Outono / Ou

As habituais programacións relacionadas co teatro, as actividades nas bibliotecas ou o inicio dos cursos nas diferentes agrupacións folclóricas ou nas entidades veciñais (Poden informarse nas diferentes Casas do Pobo), hai que engadi-los programas deseñados pensando nos alumnos de escolas e institutos.

Por exemplo, un taller de educación para o consumo ensinará a divertirse cociñando, a seguirle a pista ó mel, elaborar un mapa verde do concello, estudia-la rolda dos alimentos ou a diferenciar o que é natural e o que é artificial nos alimentos que consumimos decote. Na Casa da Xuventude tamén preparan unha excursión á rexión de Lisboa, unha homenaxe a Domingo Quiroga, un polifacético intelectual experto en pesca, e tamén as xornadas sobre pobos indíxenas e bosques que cada ano lembran ó brasileiro Chico Mendes.

Tamén haberá teatro, nas Torres. A falta de concretar toda a programación, en novembro haberá o 11 «O Lazariño de Tormes» (Teatro do Morcego); o 21 «Qui pro quo» (Ollomoltranvía); o 28 «A Odisea» (Monicreques de Kukas). O 5 de decembro «La conferencia» (Teatro del Azar); o 12 «Finis Mundis Circus» (Mofa e befa) e o 19 «Peter Pan» (Espello Cóncavo).

Campionatos en Mera e Perillo

O remo, novo símbolo de Oleiros

Oleiros xa comeza a ser coñecido fora tamén polos seus éxitos deportivos. Á singularidade de ser un concello diferente en tantas cousas, á ocorrencia da Pardela Cincenta de voar cada ano cara ás nosas costas... a todo eso únese o remo e a paixón que está a despertar entre moitos veciños, tanto deportistas como seguidores deste tradicional deporte náutico no que se unen a forza física, o tesón e a intelixencia.

O novo éxito do Clube de Remo de Perillo colleitou unha nova xeira de felicitacións. Quen máis e quen menos dicialles ós campións de Galicia de traíñas «xa nos estamos acostumbrando». Este ano, clasificáronse ademais para a Bandeira da Concha, a auténtica olimpiada do remo, onde quedaron clasificados en XX posición.

BATEIS EN MERA

Pero o clube de Perillo non foi o único punto de referencia do remo oleirán. Tamén en Mera celebraron a oitava regata de bateis «Concello de Oleiros, en colaboración coa Comisión de Festas de Santa Ana.

As gañadoras da categoría feminina foron as infantís-cadetes de Esteiro e as xuvenís-senior de Perillo. O equipo local de Mera quedou de 3º na categoría infantil.

En canto ós nenos, ganou Esteiro (Perillo foi 4º e Mera 5º), en Cadetes gañou Ares (Perillo foi 3º); Mugardos gañou a categoría xuvenil (Perillo 2º), o mesmo resultado que en sénior, onde Mera quedou 4º. En total, cinco foron os equipos que parti-



ciparon nas distintas categorías.

TRAÍÑAS EN PERILLO

Foi a Bandeira do Concello organizada polo Clube de Regatas. Alí gañaron os locais, seguidos de Castropol, Samer-tolameu de Mera, Cabo de Cruz, Muros, Ferrol, Chapela e os vascos de Taldea.

IX TRIATLÓN DO CONCELLO

Durante a tarde do sábado 5 de setembro celebrouse en todo o concello, con saída e meta no Paseo Marítimo de Santa Cruz a Triatlón, que convoca ós mellores atletas de base desta completa disciplina deportiva e acada a novena edición cun cento de participantes nesta xeira. Ademais, os deportistas homenaxeaban este ano a **Juan Antonio Pérez Sánchez**, que participaba habitualmente na proba.

Tiveron que nadar medio quilómetro, percorrer 22 km. en bicicleta e andar 5,5 km. a pé.

O dominio lugués foi moi claro, xa que os membros do Clube Fluvial da cidade amurada coparon os tres primeiros postos, como ven sendo habitual nesta proba. Chámanse ????. O primeiro oleirense en cruza-la liña de meta foi, que entrou de XXX

FÚTBOL: MERA GANA O TROFEO

Tivo lugar en liñas a final do Trofeo de fútbol Concello de Oleiros, que se saldou cun **Unión Campestre** de Montrove, **2**, **Marino** de Mera, **4**. Minutos e goleadores: 0-1: **Manu**, minuto 12; 1-1 **Fraga**, no 24; 1-2 **Yaguito**, no 36; 2-2 **Roi** no 50; 2-3 de novo **Manu** no 59, e o definitivo 2-4 deixouno **Luis** no minuto 90.

Éxitos tamén en velocidade a patíns

Tamén a patinaxe de velocidade foi protagonista do verán, coa celebración do IV Trofeo do Concello de Oleiros, organizado no Parque Luis Seoane de Santa Cruz pola Sociedade Cultural e Deportiva Rabadeira. Participaron unha chea de equipos divididos en 13 categorías. As clasificacións foron as seguintes.

MINI FEMININO

1 Fátima González (CP Ferroviario). 2 Rocío Balsas (CP Coruña). 3 Cintia Plaza (CP Novares)

MINI MASCULINO

1 Jorge Fernández (CP Novares). 2 Abel Martínez (CP Novares). 3 Ricardo López (CP Coruña)

BENXAMÍN FEMININO

1 Olalla García (CP Coruña). 2 Barbara Fernández (CP Novares). 3 Marina Fernández (CP Coruña)

BENXAMÍN MASCULINO

1 Manuel Gómez (CP Silfo). 2 Pablo Vázquez (CP Ferroviario). 3 Pablo Martínez (CP Rabadeira)

ALEVÍN FEMININO

1 Sheila Posadas (CP Pelayo). 2 Alba Fernández (CP Asturias). 3 Tatiana Magados (CP C.Verde)

ALEVÍN MASCULINO

1 Héctor Álvarez (CP Costa Verde).

2 Jorge Castro (CP Rabadeira). 3 Adrián Caso (Astur Patín)

INFANTIL FEMININO

1 Lorena Iglesias (CP Calzada). 2 Cristina Maldonado (CP Novares). 3 Rocío Souto (CP Rabadeira)

INFANTIL MASCULINO

1 Rubén Saez (CP Novares). 2 Martín Reyes (Astur Patín). 3 Alejandro Corzo (Astur Patín)

XUVENIL FEMININO

1 Susana González (CP Calzada). 2 Naike Álvarez (CP Costa Verde). 3 Judith Rodríguez (CP Coruña)

XUVENIL MASCULINO

1 Rodrigo Álvarez (Astur Patín). 2 Daniel Martínez (CP Novares). 3 Pablo Fernández (CP Pelayo)

JUNIOR FEMININO

1 Liliana Díaz (CP Pelayo). 2 Pilar Nachón (CP Pola de Siero). 3 Anais del Campo (CP Costa V.)

JUNIOR MASCULINO

1 Juan C. Gómez (CP Rabadeira). 2 Jorge Meijide (CP Rabadeira). 3 Iván Posada (CP Pelayo)

SENIOR MASCULINO

1 Sergio Domínguez (Astur Patín). 2 Francisco del Llanos (CP Magall.). 3 Rubén Barros (CP Coruña)

tono / Outono / Outono

A chave será a protagonista dos deportes para setembro, xa que terá lugar o XV Torneo de Chave que leva o nome do concello. O seu obxectivo básico é promover os xogos populares, e manter a práctica desta modalidade deportiva autóctona. Participarán tódolos clubes de Chave do concello.

En outubro tomarán o relevo as Xornadas Inter-Institutos, que buscan unir a tódolos alumnos que practican deporte escolar nun campionato, e que ó mesmo tempo se coñezan e convivan. Tomarán parte alumnos do Neira Vilas e o María Casares, cos que colaborarán as respectivas APAS en aspectos organizativos.



OCIO E DESENFADO CREATIVO EN SANTA CRUZ

A Semana Cultural volveu encher Santa Cruz desa característica mestura de deporte e lecer que organiza a Asociación de Veciños Santaia. Xogos na auga, xogos co barro, travesía a nado ó Castelo, día da bici, figuras na area, carreiras populares como a que se celebrou en homenaxe a Amieiro, e por último, a festa do doce, onde se saborearon tartas e pasteliños feitos por moitos veciños e vendidos para recadar diñeiro para o vindeiro ano.

A Xunta obriga a que só os veciños de Perillo paguen a nova Taxa da Auga

Perillo, un pobo cabreado

Cando aínda non se desfizeron da pantasma das obras da Pasaxe, que a empresa está executando sen pensar moito en que por alí tamén se circula a pé, os veciños de Perillo abren outro fronte de protesta.

Neste caso contra a Xunta de Galicia e o PP, xa que a administración autonómica impón unha taxa sobre a auga consumida que deben pagar só os veciños de Perillo, polo simple feito de vivir nun núcleo de máis de 2.000 habitantes (o que ocorre por obra e gracia do Instituto de Estatística).

O recente Pleno Municipal foi moi significativo, tal e como contan os voceiros da Asociación Veciñal «A Ría»: «O propio PP local, en boca do seu concelleiro Osvaldo, paradóxicamente veciño de Perillo, manifesta queduas mil pesetas non van a ningures, que non vale a pena discutir por iso.

Nin coñecían os termos dunha Lei que estaban a defender e mesmo incluían a Santa Cruz como núcleo urbano (polo que tamén terían que pagar os seus veciños)».

Os veciños preguntan si, demostrado tal descoñecemento no Pleno, «¿Eximíran-se de cobrar as dietas por asistir ós plenos?, —din— porque se non se enteran nen do que teñen que discutir, imos aviados». Pero a Asociación, irritada cos concelleiros conservadores, sigue tirando a dar: «o sr. Rosende demostrou non estar preparado para respecta-la mecánica parlamentaria cando se empeñou, por medio de pataletas infantís, en que se utilizara a súa mediación, dada a súa posición privilexiada de Deputado, para cambiar a Lei sobre o canon de auga, cando eles mesmos

no Pleno parlamentario estaban a defendela.


Os voceiros da Asociación non poden ser máis claros cos concelleiros do PP: «Despreciaron a exposición constructiva dos demais grupos. Querían crear unha comisión, á marxen do pleno para negociar, pero ¿negociar qué? O que sucedía foi que non eran capaces de definir no propio Pleno a contradicción entre defender a política do PP na Xunta e ó mesmo tempo que cinco mil veciños soporten o canon dos 25.000 de todo o Concello».

Rúa Rafael Alberti

Relacionado tamén coa calidade urbana está un problema detectado en pleno centro urbano de Perillo, e que afecta a cáseque 60 familias que habitan na rúa Rafael Alberti. O entorno da rúa atópase totalmente

UNHA BOA NOTICIA: NOVA PASARELA

Mentres non rematan as obras, tampouco estará instalada esta pasarela, que se ubicará na avenida das Mariñas na súa confluencia con Rosalía Castro. A ponte foi deseñada polos servizos de enxeñería do Concello.



urbanizado, a excepción dunha finca de propiedade municipal que non está nas mellores condicións posibles. Por elo, moitos xoves que participan nas «movidas» nocturnas do lugar, tomaron a parcela como lugar de reunión, provocando a desconfianza veciñal a respecto das actividades que alí se realizan, e das que nacen constantes rúidos, provocan suciedade e unha certa sensación de inseguridade urbana.

Ante elo, os veciños da zona, a través da Asociación de Veciños «A Ría» celebraron unha xuntanza na que solicitaron do Concello a urbanización e limpeza da devandita finca. Tamén se ocuparon de tratar temas que lles afectan, como o aparcamento e as dificultades de tráfico que presenta a rúa, que non ten saída, en especial durante os fins de semana, cando o tráfico en Santa Cristina se multiplica.

Os veciños de Dexo, satisfeitos porque o Campo da Festa xa é público

Nunha nota elaborada pola Asociación de Veciños «San Antón», de Dexo, os seus membros manifestan a súa satisfacción pola adquisición municipal da antiga Rectoral.

«Desde o nacemento da Asociación de Veciños, alá no ano 1989, un dos nosos principais obxectivos era que os terreos da Recotral, que se solían usar como Campo da Festa, pasasen a ser propiedade do pobo. Por fin, nove anos despois, conseguiuuse. O Concello, despois de tantos anos de insistencia pola nosa parte, adquiriunos, polo que ten que ser un motivo de ledicia e satisfacción para os veciños.

Agora, unha vez conseguido o terreo, esperamos o pronto inicio das obras para a construción da ansiada pista polideportiva, que servirá para que os nenos e os non tan nenos dispoñan dun espazo para o deporte.

Traballaremos tamén para que se adecante a parcela, coa restauración do muro, que está en malas condicións, coa instalación de bancos de madeira, coa plantación de árbores autóctonas, coa instalación duns xogos infantís para os nenos, coa construción dun edificio multiusos para uso e disfrute dos veciños. En resumo, intentaremos que se convirta nun lugar de esparcemento e nun punto de encontro dos nosos veciños.

Por outra banda, próximamente convocarase unha Asamblea para estudar a posible ampliación do cemiterio, asunto que estamos estudando na actualidade.

Nesta Asamblea tamén se tratará sobre a compra dun terreo nunha zona próxima ó porto de Dexo. Este terreo conta cun muiño de auga que se atopa nun estado deplorable e que pretendemos restaurar. Así, lograríamos un lugar de lecer para os veciños e de enriquecemento cultural para os nenos. Ao mesmo tempo, pretendemos aportar un pequeno grao de area para que a Costa de Dexo siga a ser o que é na actualidade: un lugar no que a natureza prevaleza sobre calquera outro tipo de interese.

Outra vella aspiración desta Asociación, que parece que xa vai tomando forma, é a adecuación do contorno do mirador do Porto de Dexo. Temos coñecemento de que se está elaborando o proxecto, que agardamos ver axiña convertido en realidade.

«San Cosme» volve con forza en Maianca

En Maianca inicia con forza unha nova etapa a Asociación de Veciños San Cosme, cuns obxectivos moi claros: participar no debate previo á adxudicación por parte do Concello de dotacións para a mellora das infraestructuras, reclamar das administracións supramunicipais (Deputación, Xunta e Estado) a posta ó día nas súas obrigas de investimento, algunhas delas comprometidas desde hai anos. Tamén desexan estreita-los lazos de comunicación entre tódolos veciños da localidade, para propiciar unha canle de expresión o máis representativa posible do pobo de Maianca, cos diversos interlocutores e instancias oficiais.

A xunta directiva da Asociación de Veciños «San Cosme» propiciará a participación colectiva coa súa presenza, tódolos primeiros mércores de cada mes, nun lugar que se indicará a tódolos veciños, para

vehicula-las súas propostas e tentar facer realidade as mellores condicións de vida urbana da parroquia.

Ademáis, os veciños de Maianca convocarán unha Asamblea Extraordinaria para o mes de outubro, para volver a dinamiza-la entidade, e estase a preparar un boletín informativo xa de cara ó outono, no que entre outras novas informara-se da oferta de servizo de comedor no colexio de Canide, subvencionado en parte polo Concello. Os membros de «San Cosme» están tamén en conversacións co concello para obter un local donde a Asociación se poida reunir e realiza-las actividades que lle son propias.

Para calquer asunto relacionado con esta Asociación poden preguntar por Marga no número 981628606.

Preocupa o abandono de «Xardín de Nós»

A empresa promotora da urbanización «Xardín de Nós» foi requerida polo Concello para remata-los seus compromisos cos actuais veciños da mesma, que lles compraron os chalés nos que viven. Os veciños denunciaron o retraso na dotación de mobiliario urbano que segundo os compromisos da promotora debería estar xa instalado, ademáis de zonas para a ubicación de contenedores de recollida de lixo, así como a eliminación de diversas escombreciras de obra e a reparación de aceras, que están fundidas en diversos tramos.

Se a empresa promotora non atende as demandas dos veciños, o Concello velará por que se realicen as obras e dotacións, obrigando á promotora a cumprir os seus compromisos recollidos en convenios urbanísticos que son o resultado da decidida política municipal de control da calidade urbana de Oleiros.

A Asociación de Veciños «Os Rueiros» tamén denunciara estas anomalías.

Oleiros quere

As obras que contén esta lista foron solicitadas en varias ocasións

Cont

20

preguntas sen res-

DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Presidente: D. Augusto César Lendoiro)

— ¿Cando se van mellora-los arcéns e construí-las aceras dos seguintes lugares?

- Mera, entre Pinar do Río e Urbanización A Pía
- Desde Praza da Rabadeira a Coruxo
- Desde o Centro Cultural das Torres a Franzomel
- Desde a Edreira ó Centro de Oleiros-Real
- Na Gaivoteira e O Repicho
- Do Piñeiro ó Campamento

insistimos!

CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO

DA XUNTA DE GALICIA (Conselleiro, D. Xosé Cuiña)

— ¿Cando se contratarán os arcéns e as aceras dos seguintes lugares?

- Do Seixal á Igrexa de Nós (Rúa Salvador Allende)
- De Coruxo a Os Regos

— ¿Cando se vai presentar o proxectos e adjudica-la obra da Vía Rápida para Oleiros e Sada?

— ¿Cando se fará o novo acceso ó Porto de Lorbé?

— ¿Cando se construírán as naves para os mariñeiros de Lorbé e Mera, tantas veces prometidas no Porto de Lorbé, e o novo acceso ó porto, tan necesario polo gran número de camións?

— ¿Cando se rematará e subsanará o grave problema do bombeo de fecais da Ponte Pasaxe, que está a contamina-la ría do Burgo e a praia de Santa Cristina?

— ¿Cando van cofinancia-las obras de bombeo para a eliminación das depuradoras de Mera e Canide?

MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS (Hoxe «FOMENTO»; Ministro D. Rafael Árias Salgado)

E MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (Ministra Dna. Isabel Tocino) DO GOBERNO CENTRAL

— ¿Cando se van contrata-las obras do Paseo Marítimo de Mera, que levan anos presentadas en Madrid polo Concello?

— ¿Cando se vai face-lo túnel de Arenaza, en Iñás, e os novos accesos á N-VI, para a mellora do tráfico e a seguridade dos peatóns?

— ¿Cando se van facer as aceras nas travesías da N-VI en Iñás e Campamento?

— ¿Cando van comeza-las obras e accesos xunto ó Clube de Ténis, no Seixal-Nos?

— ¿Cando vai o ministerio de Facenda abonar ó Concello os ingresos que nos corresponden polo crecemento da poboación e que supón que cobramos uns 500 millóns de pesetas de menos desde o ano 92?

Esta relación será publicada ata que as obras ou proxectos estén realizados ou en marcha.

**TOMÁS LÓPEZ
(O PERRILLO),
ENVÍANOS UN POEMA
DESDE OHIO (USA)**

«O Concello de Oleiros»

Nove parroquias compoñen o territorio de Oleiros e pasan ben dunha ducia os areais que nelas temos.

Todas son praias xeitosas pra elixir como uns as queira, que unhas son ben soleosas e outras con sombra nas beiras.

Dende Perillo a Lorbé boa zona marisqueira bó xantar e comer, xa sexa para os da casa ou para os que nos veñen ver.

Por toda a ribeira mariscos agromando encol das penas; nos areais navallas, ostras, berberechos e ameixas.

Temos ríos e regachos, fontañas de auga ben fresca; na beira das rías, os portos e dentro do mar, boa pesca.

E pazos, torres, castelo... ben pretiño da Coruña esténdese a nosa campiña: ¡védea de verde velodo!, ¡dá xenio ver todo aquilo!, ¡védea como verdecea!, ¡védea!, ¡case costa crelo!

¡Ai, farola, faroliña!, ¡jai, faroliña de Mera! ¡con que bágoas te deixamos todiños os oleiríns que estamos fóra da terra ó alonxarnos polo mar!

(Polo mar ese camiño, arrentes do que ti estás vixiando e vixiando a ver se nos ves chegar).

Xa sei que estás cansadiña de tanto alumear. Aínda que vaias velliña eu sei que nos has guiar, sei que has ser o noso guieiro cando á terra retornar.

Mesmo o sol, mesmo as estrelas mesmo as estrelas e a lúa, entre tantas cousas belas, mesmo o sol, mesmo as estrelas, ¡como Oleiriños, ningunha!


Edita **Concello de Oleiros (Alcaldía)**
Realización **OCC**
Impresión **La Capital**
Depósito Legal **C-848-97**

Poden dirixi-la súa correspondencia a:
Vivir en Oleiros.
Concello de Oleiros. Alcaldía
Praza de Galicia, 1 / 15173 OLEIROS

Gracias polas súas suxerencias

**Vivir
en Oleiros**

Nº 4 • Outubro de 1998



«Os froitos dunha xestión» foi enviado a tódolos oleirenses que residen en América e Europa

Chegan emocións de lonxe

Moitos emigrantes responden ó Concello agradecendo un libro

Le. escribo estas líneas para agradecerle el precioso libro (os froitos dunha xestión) que me ha enviado, me hace recordar muchas cosas lindas..
UN AIRAZO

re. agradecerme con... Non vos canso máis cos meus queixos decaídos o mellor do mundo legüde ad traballando por ben estar de todas...
Dios. nuestro Señor. as bendicións.

Pois aínda é hora, que despois de ella-la con veces e días...
la-la interrogación e a engaiolante fotografía que nos amosa as rías...
xases, aínda estou abraida de tanta beleza e dese rexurdir explosivo en...
toda-la eudes fai bulir a miña sangue, e faime sentir máis oleirensa se...
iso é posible, a nosa cultura é mística e suprema, e hai que manifestar-la...
como fan vuestros, é dicir, non momentos con vambos razóns tamén con obras...
sigan adiante, que Deus seña vosa guieira, que non desia e diexera faróns...
na-la vosa xestión.

Moitos oleirenses de Liáns, Nós, Dorneda, Mera, Iñás e o resto do concello tiveron que abandona-la súa terra e poñe-las miras alén do océano, alén daquela masa de auga que limitaba co infinito. Fóronse hai moitos anos. Os que aquí quedamos lembrámonos deles. Hai pouco tempo, enviámoslles un libro sobre a súa terra e as súas elegantes notas de agradecemento bican hoxe as costas mariñanas para facernos lembrar que hai unha parte de Oleiros fóra dos límites que indican as cartografías.

O Concello decidiu no seu día facer chegar á tódolos fillos da emigración un libro onde se amosa a situación actual e a clara transformación do termo municipal. O volume, titulado «Os froitos dunha xestión» pretendía informar sobre os espectaculares avances que viviu o municipio duns anos cara acó. Por suposto, os principais destinatarios da edición tiñan que se-los emigrantes, os que ademais poderían xulgar, con maior obxectividade, o progreso e modernidade de Oleiros.

E así foi. Mais ninguén podería imaxina-la sorpresa que gardaba tal iniciativa: os oleirenses de alén do mar decidiron inunda-la estafeta de correos coas súas cartas, postais e telegramas. Todas elas tiñan unha intención clara: manifesta-la súa alegría pola estreita relación que mantivo este Concello cos fillos da diáspora.

Nos escritos, os nosos paisanos deron mostras de nostalxia misturada con grandes doses de felicidade — «el precioso libro que me ha enviado me hace recordar muchas cosas lindas»— demostrándonos o cariño que todos eles profesan a esta terra: «He visto hace unos años atrás, en la maravillosa oportunidad que me permitió volver a España, cómo se ha

embellecido Oleiros y me he emocionado al ver las modificaciones que especialmente se realizaron en mi pueblo, Santa Cruz. (...) Les puedo asegurar que este obsequio de vuestra parte ha sido de una gran significación emocional». Algúns piden que non cambie o xeito de face-las cousas. «Muchas gracias y esperamos que puedan seguir haciendo por nuestro pueblo lo mejor, por lo menos como hasta ahora».

Tamén os descendentes dos emigrantes daban gracias polo envío do volume. Algúns quixeron «agradecerle la deferencia que ha tenido con mi padre al enviarle el libro de vuestro hermoso ayuntamiento, donde hemos observado sus costumbres y cultura gallega muy querida por nuestra familia».

En ocasións tamén chegaron cartas desgarradoras. «O libro viña a nome da miña nai que hai dous anos que Deus a levou. Pensabamos ir o

meu home mais eu a Oleiros para festejar-las Bodas de Ouro mais o meu compañeiro finou hai dous anos. Agora estou solíña coma quen dí. (...) Tiven unha emoción grandísima co libro que me mandaron que vos felicitado de corazón. (...) Non vos canso máis, deséxovos o mellor do mundo e seguíde así, traballando polo ben estar de todos. Querovos a todos de corazón».

Os nosos veciños sorpréndense de que o espectacular cambio que recibiu Oleiros nos últimos anos non alterou a harmonía e a beleza das paisaxes e o entorno: «El libro nos ayudó a recordar ese bonito lugar que me vio nacer hace tantos años. (...) Sentimos una gran satisfacción al ver que nuestro

ayuntamiento, aunque por un lado claramente ha progresado y es hoy en día una comunidad moderna, no ha perdido el encanto que tenía durante nuestra infancia». Da mesma opinión era o redactor destouta carta: «Chegou ás miñas mans un exemplar da publicación «Os froitos dunha xestión», onde o grupo político «Alternativa dos Veciños» do Concello de Oleiros da conta do estado actual do patrimonio, o cal foi multiplicado con creces, resultado de

face-las cousas ben, con patriotismo, moito amor á terra, e respecto ás xentes, e coñecementos sobor de todo, pois a ardua tarefa de separa-lo farelo do trigo, non é doada. (...) Estou abraida de tanta beleza e dese rexurdir explosivo en tódalas ordes. Todo esto fai bulir o meu sangue, e faime sentir máis oleirensa, se eso é posible».

Aqueles que tiveron a sorte de rotornar, anque só fose por uns días, á súa localidade natal destacaron tamén o rumbo de progreso que colleu Oleiros. «Tras mi último viaje a Oleiros, me he conmovido hasta las lágrimas al notar un cambio y un crecimiento radicales tanto en la urbanización como también por ejemplo en la importancia que les dan a los espacios verdes. (...) Quisiera destacar la notable limpieza de Oleiros, la buena conservación y mantenimiento de los espacios públicos y el gran crecimiento de la urbanización en los últimos tiempos».

«UN DOS LUGARES MÁIS FERMOSES»

Os que non puideron voltar a Oleiros non perden os recordos que latexan na súa memoria: «Nacín en San Pedro de Nós, nun dos lugares máis fermosos que os meus ollos puideron ollar. Aínda me parece que foi onte cando xogaba e que cando me moagoaba ía chorar ó regazo da miña nai (...) Tal vez no vuelva a ver Galicia nunca más, sin embargo, con sólo cerrar los ojos y dejar que mi fantasía en alas de la ilusión viaje en una simple cáscara de nuez, mientras un palillo de dientes hace de palo mayor y el velamen de papel de fumar, el timón es pedacito de cartón y las velas están sujetas con una finísima tela de araña. Así cruzaré el océano, y llegaré sin novedad a cualquier lugar que me proponga, mientras no se rompa el hechizo».